



Dirección Xeral de Formación Profesional
Rede de Conservatorios Profesionais de Música e Danza de Galicia

Programación do Itinerario de Composición

Centro: CMUS Xan Viaño

Curso: 2024 - 2025



Índice

1	Introdución	3
2	Metodoloxía	4
3	Atención á diversidade	4
4	Temas transversais	5
4.1	Educación en valores	5
4.2	Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)	5
5	Actividades culturais e de promoción das ensinanzas	5
6	Secuenciación do curso	6
6.1	Curso: 6º do Grao Profesional	6
6.1.1	Obxectivos	6
6.1.2	Contidos	7
6.1.3	Avaliación	7
6.1.4	Medidas de recuperación	11
6.1.5	Recursos didácticos	12
7	Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica	12
8	Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento	12
9	ANEXOS	14

1 Introducción

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 6.2 que o Goberno fixará, en relación cos obxectivos, as competencias básicas, os contidos e os criterios de avaliación, os aspectos básicos do currículo que constitúen as ensinanzas mínimas. Así mesmo, a citada Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, no capítulo VI do título I, fixa as características básicas das ensinanzas profesionais de música, dentro das ensinanzas artísticas.

A finalidade do grao profesional das ensinanzas de réxime especial de música é proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais. Neste marco, o Real decreto 1577/2006, do 22 de decembro, polo que se fixan os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música reguladas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, estableceu os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música, desenvolvidos no posterior decreto de 27 de setembro.

A presente programación dá concreción a dito decreto a nivel de aula, e será o documento polo que se desenvolvan os diversos parámetros do traballo de aula dos docentes deste centro.

Os coñecementos adquiridos previamente polo alumnado permitiranlle desenvolver durante este derradeiro curso determinadas destrezas de escritura, así como afondar no coñecemento dos principais elementos e procedementos da linguaxe musical e a súa relación coas técnicas compositivas, co fin de se iniciar no estudo da composición e de avanzar nunha comprensión das obras musicais que posibilite a súa interpretación adecuada.

O itinerario de composición abrangue un único curso, cuns contidos centrados no estudo do sistema tonal, e deseñouse fundamentalmente para o alumnado que desexe orientarse cara á composición, á dirección, á musicoloxía, á pedagogía, etc., para quen é imprescindible unha sólida formación de escritura previa aos estudos do grao superior, sen que iso exclúa que a poida cursar o alumnado que desexe orientarse á interpretación.

Os procedementos diríxense non só á asimilación teórica e práctica dunha serie de coñecementos técnicos ou estilísticos, senón que pretenden dar un paso cara adiante ao

incluír prácticas de identificación auditiva dos elementos e dos procedementos estudados, así como unha práctica instrumental básica destes que conduza á súa interiorización.

O ensino debe permitir a práctica da composición libre, fundamental para o desenvolvemento da espontaneidade creativa.

2 Metodoloxía

A metodoloxía empregada será a da aprendizaxe significativa e funcional, sempre partindo da base e experiencia do propio alumnado. Aínda que as clases podan ser colectivas sempre será imprescindible a atención individualizada, combinando estes dous tipos de traballos. Tratarase en todo caso de interrelacionar a utilidade desta materia con outras que estean cursando ou que cursen mais adiante.

As clases estrutúranse no comezo cunha metodoloxía maxistral onde a combinamos a metodoloxía analítica doutros traballos compositivos a modos de exemplo, o que resulta fundamental para poder comprender os obxectivos e os resultados a acadar en cada sesión. As prácticas a realizar nacen principalmente na aula, cunha aprendizaxe experimental guiada na alternancia cos momentos de metodoloxía maxistral. Dentro do práctico combinamos métodos compositivos de varios autores como Bloyd, Jeppesen, Schoenberg, etc.

3 Atención á diversidade

O alumnado que chega a estes cursos compatibiliza os estudos musicais cos estudos da E.S.O, Bacharelato ou Formación Profesional. Todo isto, as idades e o instrumento que tocan determinará a diversidade do alumnado. Desde a aula atenderemos eventualmente os diversos intereses dos rapaces procurando sobre todo buscar actividades adaptadas as diferentes necesidades do alumnado, na medida en que estas se adapten aos contidos do curso.

Neste apartado poderíamos incluír a alumnado con dificultades de varios tipos: aprendizaxe, adaptación social, desordenes de personalidade ou sobredotación intelectual. Cada caso valorarase e considerarase para determinar as posibilidades de intervención. Poderemos facer adaptacións curriculares non significativas.

4 Temas transversais

4.1 Educación en valores

Aparte dos valores universais de respecto e convivencia que afectan aos ámbitos da educación ambiental, da educación para a igualdade, da educación para a paz, da educación para o lecer, da educación do consumidor e da educación moral e cívica, que sempre son traballados nas clases individuais e colectivas, nas aulas traballaremos especialmente para que o alumnado adquiera coñecementos e habilidades para ser capaz de valorar a música desde un punto de vista estético e artístico.

4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

O centro debe contar con algún equipo informático con conexión a Internet a disposición de profesorado e alumnado. Para esta materia a rede é unha importante fonte de información, tanto para a consulta de fondos de bibliotecas, lectura de artigos especializados sobre a materia, busca de partituras, arquivos de audio, ou libros especializados, etc. A biblioteca-fonoteca- videoteca do centro convértese no lugar máis axeitado para a obtención de información, deberemos animar e axudar a discentes a utilizar este espazo con aproveitamento. É recomendable usar na aula as tecnoloxías da información e da comunicación, sempre que contemos con recursos que nolo permitan.

5 Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Estas actividades estarán organizadas ou coordinadas polo centro, ou colaborando con outras entidades alleas, e estarán relacionadas con aspectos propios das ensinanzas de música: Cursos especializados, asistencia a concertos ou ensaios de agrupacións de música, visita a museos ou similar, concertos fora do centro, etc.. Os alumnos e alumnas e os seus responsables legais estarán informados con anterioridade de tódolos datos pertinentes. Nestas actividades, organizadas para motivar aos alumnos e alumnas e mellorar a súa educación, resaltaremos, ademais valores de respecto e convivencia, entre outros.

6 Secuenciación do curso

6.1 Curso: 6º do Grao Profesional

Ante todo teremos en conta a meta que os e as estudantes desexan acadar con esta materia, enfocándoa sempre a axudarlles a obter os recursos e destrezas axeitados para poder acceder ao ensino superior da súa elección, tendo en conta que as probas de acceso requiren distintos coñecementos previos dependendo do centro ao que se accede.

6.1.1 Obxectivos

O ensino do itinerario de composición terá como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

- Coñecer os principais elementos e procedementos do contrapunto rigoroso e do contrapunto libre, e comprender a evolución das regras históricas (contrapunto severo), así como a súa relación cos estilos e coas épocas.
- Utilizar os principais elementos e procedementos estudados do contrapunto rigoroso e do contrapunto libre. Contrapunto de especies.
- Compoñer pequenas obras de forma predeterminada: sonata, lied, etc.
- Realizar pequenas obras libres para estimular o desenvolvemento da espontaneidade creativa.
- escoitar internamente os elementos e os procedementos estudados, tanto na análise de obras como na realización de exercicios escritos.
- Identificar os procedementos aprendidos a través da audición de obras ou de exercicios escritos.
- Tocar nun instrumento polifónico a forma esquemática dos procedementos compositivos básicos estudados.
- Tocar nun instrumento polifónico os traballos realizados.
- Coñecer os instrumentos, as súas posibilidades e a técnica básica.

6.1.2 Contidos.

1º Trimestre	Harmonía avanzada. A modulación. Ampliación do concepto da harmonía a outros estilos. O coral <i>a capella</i> no estilo de J. S. Bach- O baixo-tiple. A composición de obras en estilo libre e de estrutura e estilo predeterminado. Análise de obras completas ou fragmentos musicais escritos. Análise auditiva dos elementos e dos procedementos aprendidos que conduza á súa interiorización. Tratamento dixital das composicións.
2º Trimestre	O lied. A sonata. Análise de obras completas ou fragmentos musicais escritos. Análise auditiva dos elementos e dos procedementos aprendidos que conduza á súa interiorización. Tratamento dixital das composicións.
3º Trimestre	Composición de Ensemble. Os instrumentos da orquestra, a súa técnica e os seus recursos. Contrapunto barroco simple e composto, rigoroso ou severo e contrapunto libre. O contrapunto imitativo: a imitación directa, por movemento contrario, retrógrada, retrógrada contraria e por aumento e diminución. O canon: canon duplo á oitava, canon aberto e pechado, finito e infinito. Contrapunto de especies como mínimo a dúas voces nas combinacións clásicas. Análise de obras completas ou fragmentos musicais escritos. Análise auditiva dos elementos e dos procedementos aprendidos que conduza á súa interiorización. Tratamento dixital das composicións.

6.1.3 Avaliación

1 Criterios de avaliación.

- A. Realización de exercicios de contrapunto de especies a partires dun cantus firmus dado (Jeppesen) respectando as normas de estilo.
- B. Traballar os principais elementos e procedementos estudados do contrapunto rigoroso e do contrapunto libre a través de exercicios breves con arranque dado utilizando as técnicas de imitación estudadas (canon, retrogradación, diminución, etc.), respectando as normas de estilo.



- C. Traballar a pequena estrutura musical (sonatina, lied, etc.) en obras conseguindo os principios de contraste, variación e desenvolvemento.
- D. Compoñer pequenas obras libres onde se poñan en práctica os contidos estudados noutros estilos.
- E. Analizar correctamente os elementos e os procedementos estudados a través da análise escrita e auditiva.
- F. Realización de exercicios de práctica escrita sobre baixos ou melodías corales de Bach.
- G. Exercicios baixo-tiple que demostren un coñecemento do nivel en armonía.
- H. Interpretación das pezas compostas.

2 Mínimos esixibles.

- A. *Realización de exercicios de contrapunto de especies a partires dun cantus firmus dado (Jeppesen) respectando as normas de estilo.*

Realizar un exercicio de cada especie con menos de 4 erros.

- B. *Traballar os principais elementos e procedementos estudados do contrapunto rigoroso e do contrapunto libre a través de exercicios breves con arranque dado utilizando as técnicas de imitación estudadas (canon, retrogradación, diminución, etc.), respectando as normas de estilo.*

Saber facer un canon tonal.

- C. *Traballar a pequena estrutura musical (sonatina, lied, etc.) en obras conseguindo os principios de contraste, variación e desenvolvemento.*

Entregar un compositivo ao trimestre dunha extensión mínima de 30 compases de 4/4 nos que se observe unha estrutura de sonata, lied ou invención.

- D. *Compoñer pequenas obras libres onde se poñan en práctica os contidos estudados noutros estilos.*

Realizar unha composición libre.

- E. *Analizar correctamente os elementos e os procedementos estudados a través da análise escrita e auditiva.*

Identificar progresións e variacións temáticas; inversións, ampliacións e imitacións contrapuntísticas.

F. Realización de exercicios de práctica escrita sobre baixos ou melodías corales de Bach.

Ser capaz de armonizar unha melodía coral sen modular.

G. Exercicios baixo-tiple que demostren un coñecemento do nivel en armonía.

Ser capaz de realizar un baixo tiple usando correctamente como mínimo dúas dominantes secundarias, dúas segundas inversións e unha sétima disminuída.

H. Interpretación das pezas compostas.

Interpretar unha peza composta a tempo lento.

3 Procedementos e ferramentas de avaliación

Haberá tres tipos de avaliación: Inicial, procesual e final.

A avaliación inicial será levada a cabo nas dúas primeiras semanas de curso e terá como finalidade averiguar os coñecementos previos, sendo para os/as estudantes unha actividade de repaso que dará ao profesorado información sobre cal debe ser o xeito óptimo de iniciar o curso.

A avaliación procesual terá lugar ao longo de todo o curso, coa corrección individualizada dos exercicios escritos, ao final do primeiro e segundo trimestre e en base aos proxectos realizados en cada periodo emitirase unha nota para que estudantes e familias queden informados da marcha do curso até ese momento.

A avaliación final é a que dará como resultado a nota de fin de curso.

De todas as avaliacións quedará constancia no seguimento mensual da programación. A avaliación será continua: valorarase o traballo de aula así como a realización dos traballos encargados para a casa. No caso de considerarse necesario, poderanse empregar unha ou dúas sesións na resolución de exercicios breves (de entre os propostos nos criterios de avaliación) que conteñan as dificultades propias da programación para este curso. Ao remate de cada trimestre a profesora poderá propoñer un exercicio deste tipo a realizar na aula como proba obxectiva de avaliación. Esta proba poderá avaliar un ou varios dos criterios de avaliación, se o profesorado o considera oportuno. Cun mínimo de dúas semanas de antelación, explicarse ao alumnado o tipo de exercicio que deberán realizar.

No suposto de alumnado que se **presente a unha única proba final**, dita proba constará de dúas partes:

Parte A: consistirá na presentación e defensa de, ao menos, tres traballos de composición propios, en diferentes estilos que se correspondan cos contidos conceptuais deste 6º curso. A duración mínima de cada traballo debe ser de 2 minutos.

Parte B: consistirá na realización dunha de estas dúas probas:

- Harmonización dun baixo-tiple en estilo imitativo que conteña as dificultades harmónicas propias deste curso e que veñen reflectidas nos contidos desta programación.
- Harmonización de unha melodía coral, a catro voces mixtas, no estilo do coral de J.S.Bach.

Ambos terán unha extensión máxima de 16 compases, e disporá de 2 horas para a súa realización.

Os criterios mínimos para superar dita proba serán os seguintes:

- Enlazar sen erros os acordes.
- Empregar as modulacións de forma coherente segundo as normas da harmonía tonal ou no estilo de J.S.Bach (segundo o caso).
- Empregar de xeito coherente as cadencias, segundo as normas da harmonía tonal ou no estilo de J.S.Bach (segundo o caso).

4 Criterios de cualificación

A. Práctica compositiva 75%. Criterios de avaliación: A, B, C, D, F, G.

- Entrega dos traballos de composición.
- Uso coherente e axeitado das técnicas compositivas estudadas.

B. Outras destrezas: 25%. Criterios de avaliación: E, H.

- Tocar e/ou improvisar e/ou transcribir dixitalmente exercicios propios.
- Analizar: recoñecer en obras ou exercicios os elementos estudados.
- Actitude: participación activa e productiva na clase.

No caso de asistir a un **único exame final de xuño** os criterios de cualificación terán a seguinte ponderación.

a) Defensa dos tres traballos de composición presentados 50%

Valoraranse:

- Aplicación das técnicas compositivas axeitadas en cada obra, conferíndolle interese artístico e corrección técnica acorde co estilo no que se enmarque.
- Claridade na exposición da defensa, ben sexa oral ou escrita.

b) Exercicio escrito: 50%

Valoraranse:

- Harmonizacións de calidade (corrección e coherencia nas fórmulas harmónicas)
- Enlazar sen erros os acordes.
- Empregar as modulacións de forma coherente segundo as normas da harmonía tonal ou no estilo de J. S. Bach (segundo o caso).
- Empregar de xeito coherente as cadencias, segundo as normas da harmonía tonal ou no estilo de J. S. Bach (segundo o caso).

Observación: o redondeo das notas realizarase ó alza (a catro décimas da seguinte unidade) cando o 70% dos traballos estén realizados.

Probas de acceso: Está materia non será avaliada nas probas de acceso a ningún dos cursos do grao profesional xa que só se imparte en 6º.

Recomendamos á persoa aspirante que se informe de todas as materias das que será avaliada na proba de acceso e que para preparar a proba consulte as respectivas programacións.

5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Dado que esta materia se imparte no último curso do grao profesional non procede o trámite de ampliación de matrícula.

6.1.4 Medidas de recuperación

En Composición a avaliación é continua. Ao longo do curso o alumnado poderá ir recuperando os obxectivos non acadados, o profesorado facilitará exercicios de nivel progresivo en función das persoas que precisan recuperar.

1 Procedementos de recuperación ordinarios

Exercicios do tipo dos explicados no apartado de procedementos e ferramentas de avaliación.

2 Probas extraordinarias de setembro

Consistirán en exercicios do tipo dos explicados no apartado de procedementos e ferramentas de avaliación.

6.1.5 Recursos didácticos

Recursos Bibliográficos:

A. Schoenberg: *Funciones estructurales de la armonía*.

A. Schoenberg: *Fundamentos de la composición musical*.

Diether de la Motte: *Armonía*.

Diether de la Motte: *Contrapunto*.

J. García Gago: *Tratado de contrapunto*.

K. Jeppesen: *Kontrapunkt*.

J. Zamacois: *Curso de Formas Musicales*

J. Zamacois: *Tratado de armonía*.

C. Kühn: *Tratado de la Forma Musical*

Llacer Pla: *Formas Musicales*.

Malcom Boyd. Bach: *Chorale Harmonization and Instrumental Counterpoint*.

D. de Pedro: *Manual de Formas Musicales*.

Grout & Palisca: *Norton Anthology of Western Music vol I*

Recursos de Aula:

Aparte do material convencional de cada aula é positivo dispor de:

- Equipo de música e Pantalla dixital. Ordenador ou outros dispositivos electrónicos móbiles con algún programa/aplicación de edición de partituras.
- Outros instrumentos aportados polo alumnado.
- Conexión a internet na aula.

7 Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

Mensualmente destinarase a lo menos unha hora para valorar e revisar o desenvolvemento e o resultado das programacións didácticas. Mensualmente cada docente redactará un pequeno informe que inclúa: os procesos de ensino e a súa práctica en función da súa adecuación co alumnado, así como co logro dos obxectivos do grao e das materias. Esta avaliación incluírá polo menos, os seguintes aspectos: a adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ás características e necesidades do alumnado; as aprendizaxes acadadas polo alumnado; as medidas de atención á diversidade aplicadas; o desenvolvemento da programación; a organización da aula e o aproveitamento dos recursos do centro e os procedementos de avaliación do alumnado. Ao final de curso cada docente informará á xefatura de departamento do grao de consecución da programación didáctica e das propostas que sexan oportunas.

8 Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

A avaliación interna do departamento farase na segunda metade do curso en base ao grao de consecución das programacións didácticas e a enquisas realizadas ao alumnado, que serán deseñadas no propio departamento ao comezo de cada curso.



9 ANEXOS

9.1 Probas de acceso.

Está materia non será avaliada nas probas de acceso a ningún dos cursos do grao profesional xa que só se imparte en 6º.

Recomendamos ás persoas aspirantes que se informen de todas as materias das que serán avaliadas na proba de acceso e que para preparar a proba consulten as respectivas programacións.